

Referencia catastral: 15079B502004020000IK.

Valoración económica: 2.069,19 €.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2010.

P.D. (Orde 27-4-2009)

Rosa M<sup>a</sup> Pedrosa Pedrosa

Secretaría xeral e do Patrimonio da Consellería de Facenda

## CONSELLERÍA DO MAR

*Corrección de erros.-Resolución do 15 de outubro de 2010, da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños, pola que se establece unha veda para a anguía (Anguilla anguilla) nas augas marítimas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Advertido un erro na devandita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 205, do 25 de outubro de 2010, cómpre facer a seguinte corrección:

-Na páxina 17.631, onde di: «Resolución do 29 de xuño de 2009, do director xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños, pola que se prorroga o plan de pesca de anguía coa nasa denominada roitirón as confrarías de Barallobre e Ferrol», debe dicir: «Resolución do 29 de xuño de 2009, do director xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños, pola que se prorroga o plan de pesca de anguía coa nasa denominada voitirón para as confrarías de Barallobre e Ferrol».

*Resolución do 20 de outubro de 2010, da Dirección Xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica, pola que se modifica a Resolución do 30 de setembro de 2010, relativa aos horarios de traballo nos polígonos de viveiros flotantes durante a vixencia do plan de actuación C nalgunha zona de produción de mexillón.*

En virtude do cambio de horario que se vai producir o día 31 de outubro de 2010, cómpre facer unha modificación da Resolución do 30 de setembro de 2010 (DOG nº 196, do 11 de outubro); é por esta razón que,

### RESOLVO:

Queda prohibido calquera labor de cultivo (entendendo por tal toda manipulación dos moluscos bivalvos cultivados en batea, incluíndo o seu transporte a bordo das embarcacións auxiliares) en todas as zonas de produción de moluscos bivalvos cultivados en viveiro flotante, con independencia do plan de

actuación en que se encontre a zona de produción, entre as 20.00 horas e as 7.00 horas do día seguinte, establecéndose, por tanto, o horario de traballo autorizado entre as 7.00 horas e as 20.00 horas.

No horario non autorizado para o traballo nos viveiros, as embarcacións auxiliares de acuicultura non poderán permanecer abarloadas a ningún viveiro flotante.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2010.

Juan Carlos Maneiro Cadillo

Director xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica

## ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Resolución do 1 de outubro de 2010 pola que se reedita a Revista Galega de Administración Pública (Regap).*

Dentro do Plan de actividades da EGAP para o ano 2010, aprobado polo Consello Reitor o 28 de decembro de 2009, está prevista a reedición da *Revista Galega de Administración Pública*.

Mediante a Resolución do 23 de febreiro de 2006 creábase a *Revista Administración & Cidadanía*, en substitución da Regap, deixando sen efecto a Resolución do 19 de decembro de 1990, modificada pola Resolución do 23 de marzo de 1992, pola que se crea a *Revista Galega de Administración Pública*.

A Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, que no seu artigo 3.1º g) sinala como un dos fins desta institución a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no eido da Administración pública, promovendo a súa máxima difusión.

No mellor cumprimento dese fin parece oportuno manter a *Revista Administración & Cidadanía*, que debe continuar editándose polos motivos expostos na Resolución do 23 de febreiro de 2006, reeditar a Regap, revista xa consolidada desde o ano 1991, continuando a edición a partir do seu último número publicado.

Desa forma, a actividade divulgativa da EGAP terá en conta xunto a aspectos como os económicos, os sociolóxicos, os xerenciais, os aspectos xurídicos e administrativos de forma que o estudo da realidade da Administración pública actual sexa realizado cumpridamente; polo que ambas as dúas revistas son non só compatibles senón complementarias.

Por todo isto, en execución do Acordo do 28 de decembro de 2009, do Consello Reitor da EGAP, polo que se aproba o Plan de actividades para 2010, e en uso das atribucións que me confire o artigo 9 da devandita Lei 4/1987 e o artigo 15 do Decreto 306/1990, do

24 de maio, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento da EGAP, esta dirección

#### RESOLVE:

Primeiro.-Reeditar a *Revista Galega de Administración Pública* (Regap), continuando a edición a partir do seu último número publicado; mantendo, así mesmo, a edición da *Revista Administración & Cidadanía*.

Segundo.-A estrutura e contido da Regap determinaraos un consello editorial e un director, nomeados polo director da EGAP que será o presidente da revista.

O consello editorial aprobará, por proposta do director da revista, o regulamento da Regap.

Terceiro.-O director da revista encargarse da coordinación científica e técnica dos traballos que se publicarán nela.

Cuarto.-O consello editorial, que estará constituído por expertos dos eidos relacionados coa Administración pública, terá como funcións a orientación e determinación das liñas básicas de investigación da revista, seleccionará os contidos de cada número, avaliará os seus resultados e promoverá a revista no seu ámbito de influencia.

Así mesmo, poderán asesorar respecto a outras publicacións por instancia do director da EGAP.

Quinto.-O director e membros do consello poderán ser retribuídos de acordo co previsto na instrución relativa ás colaboracións nas actividades da escola.

Sexto.-Esta resolución deixa sen efecto a Resolución do 23 de febreiro de 2006, da Escola Galega de Administración Pública, en canto sexa incompatible con esta resolución.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2010.

Pablo Figueroa Dorrego  
Director da Escola Galega de Administración  
Pública

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

*Resolución do 20 de setembro de 2010, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se resolve o concurso de traslados para a provisión de postos de traballo xenéricos vacantes no Instituto de Medicina Legal de Galicia para o corpo de médicos forenses, convocado por Resolución do 6 de maio de 2010.*

De conformidade co establecido nos artigos 51, 52 e 53 do Real decreto 1451/2005, do 7 de decembro,

polo que se aproba o Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza, e da Resolución do 6 de maio de 2010, da Dirección Xeral de Xustiza desta comunidade autónoma, pola que se convocaban a concurso de traslados postos xenéricos vacantes no Instituto de Medicina Legal de Galicia entre os funcionarios do corpo de médicos forenses, esta dirección xeral acorda:

Único.-Resolver o concurso de traslados e declarar desertos todos os postos ofertados na Resolución do 6 de maio de 2010 (BOE/DOG do 16 de xuño), por non ter peticionarios.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a xurisdición competente, de conformidade co establecido na Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no BOE. Todo isto sen prexuízo da interposición do recurso potestativo de reposición ante o director xeral de Xustiza no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, consonte o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2010.

Juan José Martín Álvarez  
Director xeral de Xustiza

### CONSELLERÍA DE FACENDA

*Resolución do 18 de outubro de 2010, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de promoción interna, no corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, convocado pola Orde do 26 de xuño de 2009 (Diario Oficial de Galicia número 129, do 3 de xullo), pola que se procede á publicación das puntuacións correspondentes á baremación provisoria da fase de concurso.*

Na sesión que tivo lugar o día 18 de outubro de 2010, o tribunal designado pola Orde do 14 de xaneiro de 2010, para cualificar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de promoción interna, no corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2 adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.-Proceder á publicación da baremación provisoria da fase de concurso correspondente ao proceso selectivo pola quenda de promoción interna para o ingreso no corpo de xestión da Xunta de Gal-